DON JOSE LUIS RODRIGUEZ VARELA , na súa calidade de VICE-PORTAVOZ do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCION, para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO QUE LLE SOLICITE A EXCMA DIPUTACION DE LUGO O ACONDICIONAMENTO- EXPLOTACION DA FINCA DE TOR

EXPOSICION DE MOTIVOS.

A FINCA DO PAZO DE TOR , nomeada así , encontrase na parroquia de San Xulian de Tor pertenecente o concello de Monforte de Lemos e abarca unha superficie de 250 hectáreas, composta por arboredo e parcelas que son cultivables así como un amplo estanque de auga.

Monforte de Lemos non se caracteriza precisamente por ser un importante referente no sector gandeiro, pero as explotacións que existen no concello de Monforte crean emprego, fixan poboación no medio rural, e contribúen a manter a paisaxe agrario e o patrimonio natural do noso municipio.

Moitas de estas explotacións na actualidade enfróntanse a dificultades crecentes para acceder a terreos adecuados de pastos, limitando moitas veces a súa capacidade de crecemento e modernización .

A cesión ordenada e regulada de parte de estas terras pertencentes o Pazo de Tor as explotacións gandeiras da zona, mediante formulas xurídicas adecuadas (convenios, concesións, etc) permitiría reforzar a viabilidade do sector gandeiro existente na comarca , así como manter o valor histórico , cultural e sobre todo paisaxístico da FINCA DE TOR , que na actualidade se encontra a monte e descoidada.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordo para o seu debate e , se procede , a súa aprobación no Pleno da Corporación Municipal :

1 .- instar a EXCMA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO a que poña en valor as 250 hectáreas da FINCA DE TOR, cedendo o uso de explotacións do sector gandeiro do Municipio de Monforte, mediante formulas xurídicas adecuadas.